



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña




www.comisiondatransparencia.gal

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:53:42

SAIDA      **3066/19**



Reclamante [REDACTED]

Expediente. N° RSCTG 08/19, RSCTG 9/19, RSCTG 10/19, RSCTG 11/19 e RSCTG 12/19

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] mediante escrito do 11 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED]

[REDACTED] e [REDACTED] presentaron, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Ribadeo, sobre o proxecto de legalización da instalación de tratamiento e evacuación de augas residuais e trámites e requisitos para a concesión de licencia de apertura en Illa Pancha.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude de acceso á información ao Concello de Ribadeo do 10 de outubro de 2018.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

**Segundo.** Por diligencia do 15 de xaneiro de 2019, da Presidenta da Comisión da Transparencia procedeuse á acumulación dos expediente RSCTG 8/2019, RSCTG 9/2019, RSCTG 10/2019, RSCTG 11/2019 e RSCTG 12/2019, por cumplir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao gardar íntima conexión entre eles, por tratarse de reclamacións contra a falla de contestación polo Concello de Ribadeo, da súa solicitude de información sobre o proxecto de legalización da instalación de tratamiento e evacuación de augas residuais e trámites e requisitos para a concesión de licencia de apertura en Illa Pancha.

**Terceiro.** Con data 15 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Ribadeo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 21 de xaneiro e 2019

**Cuarto.** Con data 24 de xaneiro de 2019 a Administración remite informe sobre o expediente no que en síntese indica o seguinte:

O proxecto que se tramita polo Organismo público Augas de Galicia foi obxecto de exposición pública no concello polo período regulamentario remitíndose con data 25 de setembro de 2018 dende este Concello certificación co resultado da exposición pública e sinalándose en dita certificación a presentación de alegacións do colectivo “Por nuestro faro” das cales se deu traslado tamén ao citado Organismo.

En data do 2 de novembro de 2018, remitiuse informe da Oficina técnica do concello no que figura o seguinte:

O expediente de legalización da foxa séptica, xurde con motivo da obra de reforma interior do antigo faro de Illa Pancha para uso hoteleiro. No momento da tramitación da licencia de actividade do faro se puxo en coñecemento do promotor que a foxa séptica funcionaría de maneira provisional, en tanto se tramitaba a solicitude de autorización de vertido en Augas de Galicia.

O técnico municipal, fixo varios escritos e requirimentos á empresa promotora da actuación, para resolver a foxa séptica da actividade, indicando que é necesario que se informe si se trata dunha fosa con vertido ou sen vertido, debendo tramitar a autorización de vertido con carácter previo, ben como autorización de vertido de augas residuais ordinaria ou abreviada, ou a autorización para o baleirado da fosa séptica, todas elas ante Augas de Galicia, circunstancia esta que se debe acreditar.

Posteriormente a empresa aporta unha documentación, na que figura un contrato de tratamiento de residuos, entre o posuidor de residuos e o xestor de residuos autorizado. Polo técnico municipal Indícase á propiedade que se presentou un informe da Patrulla do Seprona de Ribadeo, referente a unha denuncia ou reclamación ambiental e no que se indica que comprobada a documentación aportada pola propiedade, constátase que figura detallado o lugar da instalación da foxa séptica que non se corresponde coa realidade.

Posteriormente presentase unha nova documentación na que se informa que se achega unha memoria explicativa e plano da situación real da foxa séptica e do alxibe, que non coinciden coa situación que figuraba no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra.

Unha vez revisado o expediente de legalización da foxa séptica para dar servizo o uso turístico do establecimiento, e vista a documentación que obra no Concello, indicase que a situación da foxa séptica que aparece no expediente de legalización non coincide coa realidade, pois a foxa séptica construída atópase mais cara ao Norte e Oeste da situación indicada no proxecto de legalización, tal como comprobou o técnico municipal en visita realizada a obra.

Á vista desta disparidade entre o presentado (proxecto de legalización) e a execución da obra real, deberíase considerar solicitar un informe dos técnicos directores de obra e de execución da mesma, para que eles indiquen cal é a situación real da foxa séptica, características e medidas das zanxas filtrantes e a situación das mesmas respecto do camiño de acceso existente, por si é necesario, reforzalo polo paso de vehículos.

**Quinto.** Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 31 de xaneiro de 2019, os solicitantes remiten escrito co que remiten copia dun documento que lles fixo chegar o Concello de Ribadeo, con data de saída do día 10 de xaneiro, recibido o día 16 do mesmo mes. No escrito manifestan que o informe técnico remitido non o solicitaron, nin discuten o seu contido, pero que non se da resposta concreta as preguntas remitidas polo colectivo e solicitan que se tomen as medidas axeitadas para que se obteña a información requirida.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

## **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a solicitude de acceso presentouse con data do 10 de outubro de 2018 e a reclamación ante a Comisión da Transparencia presentouse o 11 de xaneiro de 2019, antes de que a Administración comunicase aos interesados con data do 16 de xaneiro de 2019 a súa resolución expresa, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto.-**

A solicitude presentada polos interesados ao Concello de Ribadeo, comprende as seguintes cuestións:

- Si estudiou o Concello o Proxecto de legalización de instalacións de tratamento e evacuación de augas residuais en Illa Pancha.
- Si presentou o Concello algunha alegación e no caso de tela presentada, solicitan que se lle remita copia da mesma.
- No caso de que non a presentaran que se lles informe dos motivos polos que o Concello de Ribadeo deixa de exercer o dereito de alegar a un proxecto.
- Trámites que se seguiron e que requisitos se esixiron para a concesión da licencia de apertura se a fosa séptica estaba sen legalizar.

O acceso á información pública está configurado na Lei como undereito de amplio ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirix a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

O obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos. No presente caso, o Concello de Ribadeo, e ben fora do prazo que a normativa en materia de transparencia establece, remitiu aos interesados primeiro e a esta Comisión no momento no que se lle requiriu, as actuacións do concello realizadas en relación co proxecto de legalización das instalacións de tratamiento e evacuación de augas residuais na Illa Pancha, mediante a remisión de copia dun informe da oficina técnica do concello no que figuran as actuacións e valoracións realizadas polo concello na tramitación do proxecto de legalización.

Do informe remitido polo concello pode deducirse a contestación ás dúas primeiras cuestións requeridas polos solicitantes, por canto consta no informe que se fixeron valoracións técnicas que se remitiron ao organismo Augas de Galicia, o que implica que os servizos técnicos do concello estudaron o proxecto; no referente a que se lles informe de si o Concello realizou “algunha alegación”, figuran no informe todas as actuacións que se realizaron, sen que se poida deducir que ningunha se poida considerar como “alegación”, mais alá das valoracións técnicas remitidas.

Respecto da terceira cuestión, isto é, que se lles informe dos motivos polos que o concello non exerceu o seu dereito a realizar alegacións, esta petición non pode considerarse como unha solicitude de acceso á información, senón unha solicitude de que o concello emita un informe xustificativo dunha determinada actuación, polo que non se pode estimar este motivo de impugnación.

A sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017 establece que o dereito á información non pode ser confundido co dereito á confección dun informe por un órgano público a instancia dun particular, polo que o artigo 18.1.c) establece como causa de inadmisión os supostos nos que a información que se solicita require de unha elaboración e confección. Por tanto, é indiferente que dita información obre en poder da Administración, debendo interpretarse o artigo 13 da Lei no senso de que o dereito á información pública non pode converterse no dereito a obter un informe a medida do requerido polo solicitante.

Con respecto aos trámites que se seguiron e os requisitos que se esixiron para a concesión da licencia de apertura se a fosa séptica estaba sen legalizar, debemos entender que se está facendo referencia á licencia de apertura do establecemento en Illa Pancha para uso hoteleiro, que se descoñece por esta comisión si está concedida ou non. No caso de que a dita licencia estea concedida (circunstancia esta que non figura no expediente remitido a esta Comisión), non consta que na documentación remitida polo concello figure información sobre os trámites



e requisitos que se esixiron para a súa concesión, información que debe entenderse que se trata de información pública, e que por tanto teñen dereito a obter os solicitantes.

En base aos feitos e fundamentos de derecho anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### ACORDA

**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] e [REDACTED] con data 11 de enero de 2019, no referente á remisión da información sobre os trámites e requisitos para a concesión de licencia de actividade para uso hoteleiro en Illa Pancha .

**Segundo:** Instar ao Concello de Ribadeo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada nos termos expresados no fundamento de derecho quinto deste acordo, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Ribadeo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga